

# MEMORIA ANUAL 2023



Imaxe 1: Xuntanza dun grupo de Axuda Mutua en Salem (2023)

## 0. Introducción

O grande reto da organización para o ano 2023 era cumprir os obxectivos do noso programa RE<sub>(IM)</sub>PLÍCA\_TE. Esta iniciativa tiña (e ten) como metas principais, entre outras cousas, recuperar a plena funcionalidade operativa de IMPLICADAS, aumentar tanto a base asociativa coma os ingresos e reactivar a conexión entre as socias e a organización, para poder así, de maneira conxunta, seguir apoiando os proxectos de PDI en Tamil Nadu e replicar os valores da nosa organización.

Durante o ano 2023, conseguimos efectivamente *re[im]plica\_rnos* en varios sentidos. Por unha banda, retomamos o contacto coas socias para facelas sentir de novo partícipes da organización (a través de comunicacións regulares e a convocatoria da asemblea xeral, por exemplo). Ademais, nomeamos unha Xunta Directiva e engadimos unha colaboradora para o grupo de apoio. Este equipo (Xunta Directiva e grupo de apoio) está completamente activado, en constante intercambio (a través de xuntanzas, como mínimo, trimestrais) e asume con éxito diversas funcións: o envío de apoio económico ás colaboradoras de PDI na India, a comunicación coas socias, a preparación tanto da nova páxina web como dunha planificación xeral (dous aspectos que se completarán durante o ano 2024). Durante o ano 2023, ademais, tiveron lugar varias xornadas de formación interna que nos facilitan as ferramentas axeitadas para seguir difundindo de maneira eficaz as mensaxes e valores da nosa organización. Por último, se ben non medrou a nosa base asociativa, si conseguimos sumar neste ano a catro novas socias e aumentar lixeiramente os nosos ingresos.

Nesta memoria, presentaremos un balance máis detallado dos logros e obxectivos pendentes da organización con respecto ao ano 2023, en relación coas tres áreas de incidencia: a xestión organizativa, as actividades (de reactivación, recadación e difusión) e a comunicación coas socias. Ademais, incluíremos coma sempre os informes relativos ao programa de *Erradicación do Infanticidio Feminino* en Tamil Nadu, levado a cabo por PDI co apoio de Implicadas. Por último, presentamos unha táboa co balance económico do ano, no que se detallan os gastos e ingresos correspondentes a todas as áreas de xestión.

## 1. Xestión

Acadáronse os seguintes obxectivos:

- Configuración da xunta directiva de tres persoas (presidenta, secretaria e tesoureira). A través da asemblea xeral realizada en Santiago o 11/06/2023 (con acceso tamén por vía telemática), foron elixidos os seguintes cargos:
  - Presidencia: Marga Romero Lorenzo
  - Secretaría: Mercedes Peón Mosteiro
  - Tesourería: Esther Trigo Arcos
- Ampliación do grupo de apoio coa inclusión dunha nova colaboradora. Na actualidade contamos con tres persoas na Xunta Directiva e con catro persoas no grupo de apoio.
- Celebración de xuntanzas trimestrais entre a xunta directiva e o grupo de apoio.
- Posta ao día de datos bancarios, rexistros de entradas e saídas, listas de correo, memorias e planificación, así como doutros arquivos precisos para o funcionamento eficaz da organización.

Ademais, están en marcha tanto a reorganización dos materiais de Implicadas como a preparación, de cara a unha próxima apertura, do noso local de Santiago de Compostela. Tamén está en marcha a elaboración da planificación estratéxica para os vindeiros tres anos.

Durante gran parte do ano, a organización estivo centrada en tarefas como a actualización de datos, a recuperación das listas de socias e outras cuestións administrativas. Debido a isto, foi imposible atender outras cuestións, como a reactivación da páxina web, fundamentais para acadar os seguintes obxectivos:

- Aumento da nosa base asociativa con catro socias máis en total. Aínda que efectivamente se sumaron novas socias á organización, tivemos que constatar tamén unha serie de baixas. Actualmente contamos con 92 socias.
- Aumento dos ingresos destinados a PDI en 2.000 € (en parte, como veremos máis abaixo, ás dificultades para organizar actividades).

Por último, queremos mencionar a realización dunha xornada de formación interna, dirixida polo tanto á Xunta Directiva, que tivo lugar en Santiago de Compostela (10/09/2023) cos seguintes obxectivos:

- a) adquisición de coñecementos complexos sobre os principios, os valores e a historia de Implicadas;
- b) reflexión sobre os principios éticos e o concepto de cooperación que define a organización;
- c) toma de consciencia de lagoa formativas.



Imaxe 2: Xunta Directiva durante a xornada de formación interna.

As asistentes valoraron moi positivamente esta xornada. Por una banda, describiron a formación como dinámica e moi didáctica; pola outra, concluíron que se trata dunha formación moi necesaria para entender e coñecer as accións emprendidas en todos estes anos e profundizar na filosofía da organización.

## 2. Actividades

Aínda que a área de xestión levou a meirande parte do noso tempo e recursos, foi posible organizar algunhas das actividades previstas:

- Sorteo dunha cesta con motivo do 8 de marzo. A actividade fíxose en colaboración coa nosa librería amiga *Lila de Lilith* (Compostela) e permitiu recadar un total de 227,5 € coa venda de rifas.
- Conferencia creativa de Mercedes Peón. Á conferencia, titulada *Desaparecer* e realizada en Compostela o 10 de xuño, asistiron 8 persoas. Con ela recadouse un total de 140 €.
- Sorteo dunha cesta con motivo do 25 de novembro, Día Internacional para a Eliminación da Violencia contras as Mulleres. A venda de rifas e o sorteo tiveron lugar na librería amiga *Cartabón* (Vigo). Con esta actividade recadáronse 55 €.



Imaxe 3: Cesta Solidaria con motivo do 8 de marzo.

Tentouse ademais convocar unha xornada de sensibilización en Compostela (da man de Susana Aríns), que lamentablemente tivo que ser cancelada. Tamén tivo que ser cancelada unha segunda conferencia creativa de Mercedes Peón (*Apuntamentos sobre a creación colectiva como resistencia*), programada para o mes de decembro e pensada como continuación da anterior, polo baixo número de inscricións. Esta actividade, que fora organizada conxuntamente coa Asociación Xuntanza de Santiago de Compostela, contacto que valoramos moi positivamente e que pensamos retomar, queda adiada para 2024. Tamén queda pendente de realización a *masterclass* de boxeo, na que está prevista a participación dalgunha personalidade feminina do mundo do boxeo.

## 3. Comunicación

### 3.1. Envío regular de correos informativos

Neste sentido, conseguimos realizar o envío mensual ás socias de correos informativos sobre os avances da organización, os proxectos e as actividades.

### 3.2. Presenza en redes

Non foi posible activar plenamente o funcionamento en redes, área que está en proceso de mellora grazas sobre todo á incorporación dunha persoa especializada ao grupo de apoio. Con todo, foi posible elaborar un diagnóstico da nosa presenza en redes, que resumimos a continuación:

### 3.1.1. Presenza en Twitter (X)

Actualmente, contamos con **1.722 seguidoras**.

A través de Metricool (ferramenta que nos permite consultar estatísticas de xeito gratuíto), podemos observar que as últimas publicacións de X, de media, conseguiron unhas 200-250 impresións (isto é, un impacto bastante baixo dos tuits).

### 3.1.2. Instagram (IG)

A primeira publicación de IG data do 14 de febreiro do 2023. Desde entón, ata o día de hoxe, contamos con:


- 6 publicacións (todas elas en forma de foto)
- 142 seguidoras

Ademais, segundo os datos dos últimos 90 días:

- Alcance dos posts: 122
- Impresións: 440
- Interacción (*engagement*): 3 contas

### 3.1.3. Facebook

No que respecta á nosa audiencia (vid. gráf. 1), contamos con **3.783 persoas** que nos seguen. Trátase na súa meirande parte de mulleres de entre 35 e 44 anos da área de Santiago de Compostela.



Gráf. 1: Perfil da audiencia actual en Facebook

No que atinxe á actividade, no 2023 non **consequimos ningunha nova seguidora**, do que deducimos que Facebook está decaendo como plataforma e que é preciso consolidar a comunidade e redirixila a Instagram.

**En 31 publicacións**, desde xaneiro do 2023 ata xaneiro do 2024, **o alcance acadado foi de 5.846 e 613 interaccións (*engagement*)**. É un número bastante baixo, tendo en conta que nos seguen case 4k persoas.

O alcance e o nivel de interacción soben notablemente en termos porcentuais, mais isto é debido a que, entre 2021 e 2023, non houbo ningunha actividade na páxina. Ora ben, no ano 2020 houbo 7 publicacións, cun alcance (452 aprox.) e un número de interaccións (71) xa moi baixo, polo que concluímos que no último ano se recuperou certo interese na actividade de Implicadas.

### 3.3. Presenza noutros medios

Pendente queda tamén a colaboración con medios escollidos, para organizar entrevistas con activistas do Sur e visibilizar tanto o seu traballo como os valores da organización.

## **4. Programa de cooperación: Infanticidio Feminino Salem**

### **4.1. Introducción**

O foco principal do Programa de Erradicación do Infanticidio Feminino en Salem (Fase II) que Implicadas e PDI desenvolven no distrito de Salem, en Tánmil Nadu, consiste en provocar unha transformación social que vaia ás raíces da violencia contra as nenas e mulleres en xeral e ás do infanticidio feminino en particular. Nese sentido, desenvólvense diversas actividades de empoderamento das mulleres das que daremos conta ao longo deste informe.

Igualmente, o programa traballa para ofrecer apoio e autonomía ás mulleres embarazadas, con especial atención a aquelas que teñen unha nena como primeira descendente. Estas son as mulleres que identificamos como "mais en situación de risco" debido ás expectativas que a sociedade ten en canto a que as mulleres teñan un varón. En xeral, o programa contacta cunha porcentaxe de entre 20% e 25 % das mulleres embarazadas que entran na categoría de risco durante un período dado.

Neste ano, dende xaneiro a decembro de 2023, o equipo do programa identificou un total de **3.077 mulleres embarazadas**, das que **724 (o 23,5%)** estaban en situación de risco.

En canto ás condicións xerais do programa, non podemos informar de ningún cambio ou desafío político. As únicas alteracións que se deron foron pequenas modificacións en cuestións como a localización das aldeas para algunhas actividades. Quitando iso, todas as actividades avanzaron segundo o planificado durante este período. O logro cuantitativo do programa queda explicitado no apéndice, no que se ofrece unha visión máis detallada dos logros conseguidos.

#### 4.1.1. Logros

O equipo do programa conseguiu levar adiante todas as actividades segundo foron planificadas nas xuntanzas do persoal. O equipo fixo un seguimento axeitado das nenas e das súas mais durante un período de dezoito meses tras o parto. Neste momento hai **1.016 nenas** en seguimento, incluídas as **322** nadas neste período de seis meses. Non tivo lugar **ningún infanticidio ou feticidio** grazas ao apoio que recibiron as mais que sufrían presión tras parir unha nena. Os diálogos familiares tamén foron moi útiles á hora de cambiar as actitudes da familia coas mulleres. Un total de **322 mulleres embarazadas** foron asesoradas durante este período, no que se organizaron **93 diálogos familiares**. Cómpre dicir que **21 mulleres adoptaron medidas de planificación familiar** permanente tras ter dúas fillas.

#### 4.1.2. Desafíos

Neste período, identificamos **384 mais en situación de risco**, que foron contactadas polo persoal e asesoradas para adoptar medidas de planificación familiar. Porén, moitas das que

quería realizar unha ligadura de trompas non puideron facelo por padecer anemia. No que respecta á vasectomía, existen fortes prexuízos, tanto por parte dos homes coma das mulleres, pois pensan que a operación debilitará o home e que mesmo terá que deixar de traballar. As mulleres tamén son reticentes a adoptar outros métodos anticonceptivos non permanentes. O equipo do programa mantivo unha reunión con persoal médico dos hospitais públicos para ver como facer fronte a este problema. O persoal está intentando motivar as mulleres para a adopción de medidas contraceptivas de índole temporal.

#### 4.2. Empoderamento das mulleres

O programa cre que o empoderamento das mulleres é a única ferramenta para eliminar todas as formas de violencia contra as mulleres, incluído o infanticidio e o feticidio feminino.



Imaxe 4: Marcha das mulleres dos GAM en conmemoración do día Internacional da Eliminación da Violencia contra as Mulleres.

##### 4.2.1. GAM

O programa considera a formación e a xestión de Grupos de Axuda Mutua como unha ferramenta efectiva. Un Grupo de Axuda Mutua (GAM) é unha pequena unidade social que inclúe entre dez e doce mulleres da mesma veciñanza. Aforran unha cantidade fixa cada mes e empréstana entre as súas integrantes por unha pequena suma a modo de xuros. Son unha entidade recoñecida polo goberno e deste xeito poden conseguir crédito dos bancos se compren condicións como as seguintes: rotación nos cargos, realización periódica das xuntanzas e depósito da cantidade que ten o grupo no banco de forma inmediata despois de recadala entre as integrantes. Os GAM evitan que as mulleres teñan que pedir cartos a prestamistas por altos intereses.

Neste período, o programa formou sete GAM, que agrupan a **82 integrantes**. En total, dende o comezo do programa, lévanse formado **68 GAM** que agrupan a **832 integrantes**. Dende xaneiro a decembro de 2023, os GAM aforraron **14.974,43 €**. En total, levan aforrados **88.690,59 €** dende que se iniciou o programa.

O maior impacto dos GAM neste momento foi a facilidade de acceder a un crédito, o que lles permite ás mulleres seren independentes dende o punto de vista económico. Os GAM, porén, non só teñen como finalidade o aforro e o crédito. As mulleres que forman parte dos grupos teñen a posibilidade de debater sobre temas sociais e de xénero e organizarse para traballar

por unha sociedade mellor nos seus propios termos. Contamos con exemplos de GAM que erradicaron tendas de bebidas alcohólicas de preto das súas casas, que conseguiron que, pola contra, se abrisen tendas de distribución pública ou que solucionaron diversos temas comunitarios xuntas.

Estes debates de temas sociais, porén, só acontecen de forma esporádica, cando hai unha necesidade concreta. O programa ten previsto introducir esta cuestión como un elemento básico dos GAM para o ano próximo e fará esforzos para que os GAM interioricen o traballo de cuestións de xénero no seu día a día. Neste sentido, existe a dificultade de mobilizar recursos que permitan formar os GAM nestas cuestións.

#### 4.2.2. Actividades comunitarias

Por unha banda, o programa fai seguimento tanto das mulleres embarazadas e as mais en situación de risco como de familiares destas últimas. Pola outra, organiza programas comunitarios para un público máis amplo coma o teatro de rúa, os clubs de xénero e a formación de capacidades para a vida, ademais de programas de sensibilización de xénero para mulleres e homes. O obxectivo destes programas é o de cambiar mentalidades e condutas.

##### a) Sesións de sensibilización de xénero

O programa de sensibilización de xénero para mulleres realízase de modo interactivo e as mulleres poden aclarar de xeito inmediato as súas dúbidas. O programa ten lugar en todas as aldeas para as mulleres dos GAM e outras. Neste período, o programa sensibilizou a **676 mulleres mediante 61 xuntanzas**. O maior beneficio desta actividade é que as mulleres teñen a oportunidade de debater cuestións de xénero e entender que é a violencia de xénero.

A sensibilización de xénero tamén se imparte cos homes nas súas aldeas de forma separada. Que os homes se interesen por esta actividade resulta un desafío. Ás veces, entran e saen constantemente, néganse a participar ou discuten co persoal poñendo en cuestión que sexa posible a igualdade de xénero en todas as áreas da vida. Aínda así, neste ano o persoal realizou **46 formacións grupais nas que participaron 302 homes**. As mulleres comentaron logo que tras a formación notaran cambios importantes dos homes con respecto ás súas actitudes sobre os traballos do fogar.

##### b) Teatro de rúa

O teatro de rúa é unha forma non convencional de teatro que se usa para difundir mensaxes a un público xeral e no que o grupo non precisa nin escenario, nin luces nin apoio audiovisual. Poden realizar a representación en calquera lugar onde se poida xuntar a xente. O programa formou o seu grupo de teatro con obras orixinais desenvolvidas por profesionais do teatro. Trátase en concreto de dúas obras de trinta minutos, unha delas centrada nos abortos selectivos (por ser o feto feminino) e outra na importancia da alfabetización das nenas. As obras permiten achegarlle mensaxes á poboación das aldeas dunha maneira comprensible.

Neste período, realizáronse representacións en 12 aldeas, ás que asistiron 1.000 persoas. O indicador de éxito desta actividade é a implicación da comunidade: sempre que se organiza unha representación, o programa conta con voluntariado do propio lugar para axudar cos preparativos e difusión.

##### c) Formación para adolescentes en capacidades para a vida

A formación en capacidades para a vida é outra actividade mediante a cal a mocidade ten a oportunidade de aprender cousas que fican fóra do currículo escolar. É un programa que se realiza durante dúas tardes. As mozas e mozos participantes valóranos moito, porque lles axuda



a tomar decisións propias e a expresar con liberdade as súas ideas. Neste ano 2023, organizáronse **71 sesións de capacidades para a vida, ás que asistiron 431 mozas e 386 mozos.**

d) Clubs de xénero

Ademais, o equipo organiza as mozas e os mozos que xa teñen formación en grupos que se denominan *clubs de xénero*. A partir dese momento, as mozas e mozos desempeñan un papel de seguimento e informan ao persoal do programa se hai calquera problema que afecte as mulleres. Ademais, a mocidade organizada nos clubs de xénero impide que se realicen matrimonios infantís. O grande reto é manter constancia nas actividades de mozas e mozos, posto que precisan tempo para os estudos. Durante este período organizáronse **70 xuntanzas ás que asistiron 406 rapazas e 411 rapaces.**

Conclusión:

As actividades comunitarias son moi útiles á hora de conseguir apoio para o programa. Alimentan o cambio dos comportamentos de xénero, algo palpable, por exemplo, no feito de que os mozos empezan a facerse cargo de actividades domésticas (en lugar de agardar que as fagan as súas mais ou irmás).

Porén, o desafío maior é conseguir que as mulleres se sintan libres da tremenda presión familiar á hora de ter un fillo. O programa adoptou diferentes estratexias neste sentido para traballar este tema de forma concreta. O resto do informe dá conta destas actividades.

#### **4.3. Apoio ás mulleres e nenas en situación de risco**

Como primeiro paso nas aldeas, o programa contacta coas mulleres embarazadas e comenta con elas as actividades do programa. Ademais, trata con elas cuestións de xénero, a necesidade de levar unha boa dieta, de coidar da saúde e hixiene propia e dos beneficios de seguir o calendario de vacinación. Durante este ano 2023, realizáronse **1.493 sesións de comunicación con mulleres embarazadas sobre cuestións de xénero, 1.590 sobre aspectos nutricionais durante o embarazo, 836 sobre a necesidade de seguir o calendario de vacinacións e 741 sobre saúde e hixiene.**

Durante as interaccións, identificamos as mais en situación de risco, é dicir, aquelas que teñen máis dunha filla. A partir de aí, trabállase en tres estadios.

a) O primeiro estadio consiste en motivar a muller para que considere recibir con agarimo o bebé, independentemente do seu sexo. Se a muller embarazada comenta que foi o seu home ou a súa familia política quen decidiu que quedase embarazada para ter un fillo, a asesora ofrece o seu servizo de apoio á muller e, de ser posible, ao home. Se aínda así non cambian de opinión, organízase un diálogo familiar, que inclúe non só a muller e o seu home, senón tamén a familia política. A asesora e a traballadora de base comentan estas cuestións dende unha perspectiva de xénero, tentan convencer a todo o grupo de que reciban con cariño a segunda ou terceira nena, de ser o bebé de sexo feminino. A maior parte de familiares aceptan esta nova composición de lugar. Ademais, infórmase de que, legalmente, as mulleres teñen dereito igualitario á herdanza e compártense os referentes, isto é, os exemplos de mulleres que saíron adiante na vida.

De xaneiro a decembro de 2023 organizáronse **178 diálogos familiares.**

O maior desafío desta actividade é que a familia acepte os feitos. Pero tamén permite que cambien de actitude tras a sesión. Neste sentido, impleméntase unha segunda fase de seguimento e asesoramento que contribúe ao mantemento no tempo do cambio de actitude.

b) As sesións de asesoramento teñen lugar coa mai en situación de risco. Se a asesora avalía que o home tamén precisa asesoramento, toma esta medida. Durante este ano realizáronse **613 servizos de asesoramento a novos casos e 532 sesións de seguimento**.

c) A terceira estratexia é motivar as mulleres a que adopten medidas de planificación familiar permanentes tras o parto, cuestión que xa se comentou máis arriba. O programa fai seguimento de todas as nenas ata os dezaioito meses dende a data de nacemento para garantir que recibe o coidado e afecto necesario. O equipo comunícase de forma frecuente coas mulleres, tanto antes como despois do parto, para asesorar sobre vacinación e aleitamento materno. Neste período realizáronse **2.017 sesións con mulleres tras o parto**. O seguimento das nenas asume maior importancia se consideramos que **este ano naceron 685, que se suman ás 1.016** que xa estaban en seguimento do ano anterior.

#### 4.4. Conclusións

PDI e Implicadas fixeron esforzos importantes durante este ano para erradicar o infanticidio e feticidio durante os últimos anos, feito que queda de manifesto na evolución positiva de nacementos de nenas (vid. táboa 1). É este un traballo do que todas podemos estar orgullosas e que debe impulsarnos a duplicar os nosos esforzos, tanto no financiamento como na visibilización do traballo realizado.

Bloque	Ratio de sexo 2016-17	Ratio de sexo ao nacer 2016-17	Ratio de sexo 2022-23	Ratio de sexo ao nacer 2022-23
Kadaiyampatti	927	841	968	982
Kolathur	788	804	979	953
Vazhapadi	857	935	933	1270
Attur	929	924	976	977

Táboa 1: Ratio de sexo por período e bloque.

Estamos planificando comezar a traballar a partir de 2024 en novos bloques nos que aínda a proporción de sexos é indicativa de prácticas de infanticidio e feticidio. Trátase en concreto dos seguintes bloques: Nangavalli, Mahudanchavadi, Aiyothiyapatnam e Gangavalli.

#### 5. Altas e baixas de socias

Durante o 2023 déronse de baixa 6 personas e houbo 4 altas. O ano pechouse cun total de 92 socias.

## 6. Memoria económica

<b>INGRESOS</b>	<b>21.876,05 €</b>	<b>GASTOS</b>	<b>21.055,18 €</b>
<b>BASE ASOCIATIVA</b> Abono cotas	<b>14.299,00 €</b> 14.299,00 €	<b>ACTIVIDADES</b>	<b>0 €</b>
<b>DOAZÓNS</b> Doazóns particulares/empresas	<b>5.311,68 €</b> 5.311,68 €	<b>PROXECTO COOPERACIÓN INTERNACIONAL INDIA</b> Erradicación do infanticidio feminino en Salem (Fase II) Empoderamento de mulleres Tiruchy	<b>14.210,00 €</b>
<b>PREMIOS e Subvencións</b>	<b>0 €</b>		
<b>ACTIVIDADES</b> Sorteo Cesta 8 de marzo Conferencia Desaparecer Sorteo Cesta 25 de novembro	<b>422,50 €</b> 227,50 € 140,00 € 55,00 €	<b>GASTOS INDIRECTOS</b> Alugueiro local Suministros (auga/luz) Comunicacións Impostos, taxas e tributos Gastos bancarios e IVE cotas Seguros	<b>5.006,80 €</b> 3.092,76 € 332,19 € 460,45 € 34,99 € 906,70 € 179,71 €
<b>OUTROS INGRESOS</b> Ingreso por cesión de dereitos Ingreso vendas de material	<b>1.842,87 €</b> 1.802,87 € 40,00 €	<b>OUTROS GASTOS</b> Asesoría Coordinadora Outros servizos Asesoría 83,64 Servidor web 168,77	<b>1.838,48 €</b> 1.211,07 € 375,00 € 252,41 €